

PROTOCOLO 1: ENVÍO DE MOSTRAS PARA IDENTIFICACIÓN

MycoGalicia Plantae, para poder identificar un cogomelo, precisa o envío de, polo menos, un exemplar completo e, no caso de tratarse de exemplares con pequeno porte, son necesarios varios exemplares e en diversos estadios de desenvolvemento. O material pode estar fresco ou deshidratado.

Os espécimes para identificar débense recollerse convenientemente illados entre si, en sobres ou envoltos en papel de aluminio, de xeito que as esporas ou os anacos non se mesturen cos doutras especies. Para cada suposta especie, será preciso anexar a «Ficha de caracterización para identificación de cogomelos» dispoñible na páxina web de MycoGalicia-Plantae.

No caso de entregar cogomelos, hipoteticamente da mesma especie, recollidos en diferentes hábitats será preciso cubrir unha ficha de caracterización para cada un deles.

É conveniente axuntar imaxes dos exemplares enviados para identificación, realizadas xa no campo no momento da recolección. Estas fotografías deben permitir observar tódalas partes do cogomelo, polo menos superior e inferior, e ter unha calidade suficiente para apreciar as estruturas e as cores reais.

MycoGalicia-Plantae **non levará a cabo ningún traballo de identificación cando** se presenten:

- exemplares co pé cortado, carentes de estruturas relevantes ou demasiado manipulados.
- cogomelos moi novos ou demasiado maduros.
- cogomelos mesturados nun mesmo recipiente.
- sen a correspondente ficha de caracterización.

Identificación a partir de cogomelos frescos

A recolección do material enviado debe ser recente. Os exemplares non poden presentar síntomas de estar estragados (perda de consistencia, cambios de cor, mal cheiro, ...). É importante lembrar que ten que enviarse coa ficha de caracterización correspondente (<https://mycogalicia.es/files.html>).

No caso de que teña que transcorrer tempo dende a recolección ata a entrega, pode conservarse no frigorífico 2 ou 3 días, dentro dun sobre de papel ou envolto en papel de aluminio, separando unhas especies das outras.

Identificación a partir de cogomelos deshidratados

Se vai transcorrer moito tempo dende a recolección ata a entrega é posible preservar os cogomelos deshidratados. Para levar a cabo este proceso, non se debe expoñer o espécime a temperaturas superiores aos 40 °C.

Unha vez seco, introdúcese nun sobre de papel, xunto coa ficha de caracterización (<https://mycogalicia.es/files.html>). Neste caso, é imprescindible o envío de fotografías do exemplar cando estaba fresco.

PROTOCOLO 2: ENVÍO DE MOSTRAS PARA MICROFOTOGRAFÍA

Para a presentación de mostras con fins microfotográficos (fotografía a microscopio óptico) é preciso cumprimentar o formulario «Ficha para microfotografía» dispoñible na páxina web de MycoGalicia Plantae (<https://mycogalicia.es/files.html>). Importante, o servizo de fotografía microscópica non inclúe o servizo de identificación.

Os cogomelos frescos ou secos (exsiccata) é preciso que se atopen en bo estado, especialmente aquela parte de onde se queira tomar as fotografías. De non ser posible o envío do cogomelo completo, pódese enviar o anaco onde se atopen as estruturas a fotografar, acompañadas dunha fotografía do cogomelo completo e fresco.

O material de estudo débese atopar en bo estado, non estar podre, con mal cheiro, con balor, comido por ácaros ou insectos, etc., e non debe proceder de exemplares moi novos (inmaturos), nin demasiado vellos. De encontrarse en condicións adecuadas non se poderá realizar o traballo.